


sogama



DESCOBRÉ O COMPLEXO  
**AMBIENTAL DE  
SOGAMA EN CERCEDA!**



**ABERTO O PROGRAMA DE VISITAS  
PARA O CURSO ACADÉMICO 2025-2026**

RESERVADE A VOSA SESIÓN

📞 981 698 512 · 981 698 511 · 981 698 500

✉ [comunicacion@sogama.es](mailto:comunicacion@sogama.es)

Únete á educación sostible con

sogama   
sogama.gal

**Programa de visitas educativas a Sogama**



# Destinatarios das visitas educativas

Están dirixidas a grupos de escolares menores de 18 anos e dos seguintes niveis:

- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria,
- Formación Profesional
- Bacharelato





# Obxectivos


- Ampliar os niveis de coñecemento da actividade de Sogama por parte da cidadanía, explicando o seu cometido e o funcionamento da súa infraestrutura industrial.
- Promover actitudes personais máis respectuosas ca contorna, fomentando a protección do medio ambiente e a contribución ao desenvolvemento sostible.
- Motivar á poboación cara a adopción de boas prácticas na separación en orixe dos residuos e o seu depósito nos distintos contedores existentes para a súa recollida selectiva e posterior reciclaxe.
- Sensibilizar na importancia do consumo responsable e a redución da produción de residuos, poñendo exemplos prácticos sobre desperdicio alimentario, reparación de obxectos, doazón solidaria...
- Difundir os principios da economía circular para aproveitar ao máximo os recursos dos que dispoñemos, alongando o ciclo de vida dos produtos e evitando a xeración de residuos.



# Metodoloxía e estrutura

A metodoloxía utilizada na atención aos grupos de visitas educativas caracterízase polo seu dinamismo, interacción e participación activa dos asistentes.

A continuación, móstrase unha liña de tempo sobre a organización e duración da visita, estruturada en minutos:





# Secuencia

1.- **Recepción** do grupo na entrada do edificio de oficinas do Complexo Medioambiental de Cerceda.






2.- **Presentación** do equipo educativo e acceso ao salón de actos, onde se imparte unha sesión informativa e formativa, apoiada por distintos recursos didácticos a fin de reforzar as ideas e conceptos craves.

Esta sesión adáptase a cada perfil de visita e a cada nivel educativo.





3.- **Visualización dun vídeo inmersivo 360°** das instalacións que conforman o Complexo Medioambiental, sendo equipados os participantes con lentes de realidade virtual.


Durante o transcurso da charla tamén poderán realizar algunha actividade dinámica adaptada ao nivel educativo do grupo.



4.- **Xogos con máquinas Arcade** para desenvolver habilidades na separación de residuos.

5.- **Percorrido polas instalacións** (no mesmo **autobús** no que se desprace o grupo), sen apearse do mesmo, para repasar a funcionalidade de cada instalación, xa que, por motivos de seguridade, as persoas menores de 18 anos non poden acceder ao Complexo a pé.

6.- **Peche da visita** con aclaración de dúbidas, avaliación por parte dos visitantes, entrega dun pequeno obsequio de recordo e despedida.



**Esperámosvos!**

[www.sogama.gal](http://www.sogama.gal)

